

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL PARA LEVAR A CABO UNHA INTERVENCIÓN EDUCATIVA INTEGRAL CON PERSOAS MENORES QUE TEÑAN QUE CUMPRIR MEDIDAS XUDICIAIS E OUTRAS ACTUACIÓNS EN MEDIO ABERTO PREVISTAS NA LEI ORGÁNICA 5/2000, DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES NA PROVINCIA DA CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social asina coa Fundación Camiña Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de outubro de 2020 ata o 30 de setembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto** regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social para levar a cabo unha intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais non privativas de liberdade, denominadas de medio aberto impostas polos xulgados de menores en virtude do artigo 7 da LOPRM ou que teñan que realizar tarefas e actividades de reparación extraxudicial previstas no artigo 19 da mentada lei, no ámbito da provincia da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar **fundaméntase** no seguinte:

Primeiro. A LORPM establece no artigo 45 que a execución das medidas adoptadas polos xulgados de menores nas súas sentenzas firmes corresponde ás comunidades autónomas, que poderán establecer os convenios ou acordos de colaboración necesarios con outras entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, Local ou de outras Comunidades Autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, de acordo cos principios de cooperación e colaboración, e sen que iso supoña en ningún caso a cesión da titularidade e responsabilidade derivada da súa execución.



Segundo. Correspóndelle á Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na LORPM, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Terceiro. A execución das medidas xudiciais ten por obxecto procurar a reinserción e reeducación das persoas menores infractoras. Isto require unha intervención que debe ser levada a cabo por un equipo multidisciplinar de profesionais especializados nas áreas psicosocial e educativa, que dean resposta ás especiais características que presenta o colectivo obxecto de atención: carencia de ferramentas e habilidades sociais, cognitivas e/ou laborais; pertenza a familias desestruturadas, multiproblemáticas e/ou permisivas e con poucos ou ningún referente social positivo; presenza frecuente de consumo de substancias nocivas para a saúde; alto grao de absentismo e fracaso escolar; baixa autoestima, autoconfianza e tolerancia á frustración. Ás anteriores variables súmanse con frecuencia especificidades como a condición de migrante ou a orixe étnica, que engaden novos condicionantes como a inexistencia de referentes familiares, problemas de documentación ou barreiras idiomáticas e culturais.

Cuarto. A Administración non conta cos medios persoais e materiais necesarios para a execución das medidas non privativas de liberdade. Co obxecto de garantir a correcto desenvolvemento desta competencia que a LORPM lle atribúe, considerouse necesario acudir a fórmulas colaborativas con entidades privadas para o desenvolvemento da súa actividade, ao abeiro do establecido nos artigos 45 da LORPM e 8 do Decreto 1774/2000, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LORPM.

Quinto. O carácter singular da intervención determinou a necesidade de establecer convenios de colaboración con entidades especializadas na intervención con menores de cara á consecución de obxectivos compartidos, encamiñados á inserción e reeducación da persoa menor, que realizarán as súas funcións sen unha compoñente lucrativa, prestando a súa colaboración a cambio exclusivamente dunha compensación polos gastos ocasionados polo exercicio da actividade, conservando a Administración a responsabilidade da execución das medidas xudiciais, tal e como establecen os citados artigos 45 da LORPM e 8 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.

Sexto. Dada a existencia dunha pluralidade de entidades entre cuxos fins se atopa a intervención socioeducativa con menores, mozos e mozas, capacitadas para desenvolver os programas de intervención co menores, valorouse necesaria a articulación dun procedemento de selección que garantise os principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade e non discriminación, e que posibilite a elección dun proxecto que asegure unha mellor calidade técnica da intervención, co fin de que se realice unha execución adecuada das medidas en beneficio do/a menor e tendo en conta os seus intereses.

Sétimo. O 24 de xaneiro de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 30 de decembro de 2019 pola que se convoca o procedemento de selección dunha entidade privada sen ánimo de lucro para



levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores na provincia da Coruña (código de procedemento BS213C).

Oitavo. O 13 de xullo de 2010 publicouse no DOG a Resolución do 10 de xullo de 2020 pola que se modifica a Resolución do 30 de decembro de 2019 pola que se convoca o procedemento de selección dunha entidade privada sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores na provincia da Coruña.

Noveno. No Diario Oficial de Galicia de 27 de xullo de 2020 publicouse a Resolución do 17 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica pola que se publica a resolución de 16 de xullo do 2020 do procedemento de selección dunha entidade privada sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 23 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, na provincia da Coruña .

De acordo co sinalado na dita resolución, selecciónase á Fundación Diagrama Intervención Psicosocial para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na LORPM, en aplicación dos criterios de valoración e baremo do apartado décimo primeiro do anexo I da Resolución do 30 de decembro de 2019.

Décimo. O 13 de agosto de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 7 de agosto de 2020 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica pola que se publica a resolución do 6 de agosto do 2020 ditada no procedemento de selección dunha entidade privada sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 23 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, na provincia da Coruña .

Na dita resolución do 6 de agosto de 2020, declárase decaída no seu dereito á Fundación Diagrama Intervención Psicosocial, e resólvese designar á Fundación Camiña Social como entidade seleccionada para a sinatura do convenio para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na LORPM na provincia da Coruña.

Décimo primeiro. Os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, en Santiago de Compostela na data de sinatura dixital
O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

